



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

Técnicas de climantica.org
***para a comunicación
do cambio climático***

XUNTA DE GALICIA

FINALIDADE:

Practicar as metodoloxías e técnicas que lle permitan ao docente dirixir un seminario da súa comunidade educativa capaz de elaborar unha revista electrónica para comunicar o reto do cambio climático no marco da sostibilidade.

NIVEL, CICLO, ÁREA: TODOS OS NIVEIS

MODALIDADE: CURSO PRESENCIAL

DESTINATARIOS: DOCENTES DE TODOS OS NIVEIS

Nº DE PRAZAS: 30.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

Terán prioridade os docentes que participaron en Climántica coa seguinte xerarquía de prioridade:

- › Figurar nunha memoria premiada nas convocatorias de premios a experiencias de Climántica.
- › Coordinar traballos presentados a congresos de estudantes.
- › Ter certificado de asistencia a cursos prácticos de TICs do proxecto.
- › Ter certificado de asistencia a outras actividades de formación de Climántica.

Unha vez asignadas as prazas aos docentes que participaron en Climántica, se quedan vacantes, aplicaranse os criterios xerais do Plan de formación do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Facultade de Físicas no campus sur da Universidade de Santiago de Compostela.

RECEPCIÓN DE INSCRICIÓNS:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Sistema de Xestión da Formación do Profesorado <http://www.edu.xunta.es/fprofe>

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:

25 de febreiro de 2010.

DURACIÓN: TOTAL 30 HORAS.

TEMPORALIZACIÓN:

24 horas pola asistencia a obradoiros presenciais e as demais horas recoñécense pola coordinación da elaboración da revista dixital do centro educativo. Sesións presenciais: os sábados 6 e 13 de marzo, 10, 17 e 24 de abril e a posta en común o sábado 29 de maio de 10:00 ás 14:00 horas, coa posta en común, tamén de 10:00 ás 14:00 horas.

OBXECTIVOS:

- › Entender qué é un pdf de cara a optimizar e conseguir o seu uso correcto co fin do seu emprego para internet.
- › Realizar unha correcta composición e maquetación dun texto de acordo ás xerarquías de información nunha publicación electrónica, con un manexo axeitado das bases da imaxe dixital e das cores en función de variables tan distintas como a visibilidade, o significado, o público obxectivo e o criterio de deseño.
- › Compoñer unha revista electrónica aplicando os contidos do curso de xeito eficaz para a modalidade de comunicación e sensibilización da comunidade educativa sobre o cambio climático.

ACTIVIDADES:

SÁBADO 6 DE MARZO de 10 a 14 horas

Módulo I: "Imaxe dixital"

- › Formatos e compresión de imaxes dixitais.
- › Cambios de resolución.
- › Modos de cor.
- › Formatos e compresión de imaxes dixitais.
- › Optimización de imaxes para a web.

SÁBADO 13 DE MARZO de 10 a 14 horas

Módulo II: "Composición e maquetación de textos I"

- › Introducción aos elementos básicos de deseño.
- › Introducción ás formas das figuras de texto.
- › Conceptos de tipografía: tamaños, lexibilidade, lonxitudes, tipos, destacados.
- › Análisis de noticias.

SÁBADO 10 DE ABRIL de 10 a 14 horas

Módulo II: "Composición e maquetación de textos II"

- › Organización das páxinas de información.
- › Creación de títulos, destacados, pés de páxina/foto, numeración, liñas e tabulacións.
- › Elección das imaxes adecuadas e colocación de imaxes no texto.

SÁBADO 17 DE ABRIL de 10 a 14 horas

Módulo III: "Optimización de cor e pesos de deseño"

- › Color luz e color pigmento: técnicas sustractiva e aditiva.
- › Círculo cromático: cores primarios, secundarios, terciarios e complementarios.
- › Cores quentes e fríos.
- › Factores que inflúen na percepción da cor: pesos e equilibrios.
- › Interacción da cor: harmonía e contraste.
- › Dinámica da cor.

SÁBADO 24 DE ABRIL de 10 a 14 horas

Módulo IV: "Optimización de pdfs e composición da revista"

- › Introducción aos documentos pdf: creación e tipoloxía.
- › Introducción ao manexo de Adobe Acrobat.

SÁBADO 29 DE MAIO de 10 a 14 horas (4 horas de formación presencial)

- › Posta en común da fase non presencial de investigación – acción.

CONTIDOS:

- › Mellora da calidade das imaxes mediante o retoque fotográfico e os axustes de imaxe.
- › Formatos de imaxe e optimización da súa compresión para a web.
- › Modos de cor das imaxes e o seu uso máis axeitado para cada aplicación.
- › Elementos de deseño.
- › Normas de composición e a súa aplicación real no deseño.
- › Estruturación de textos en función da información que transmitan.
- › Maquetación de textos atendendo aos criterios imperantes no mundo do deseño.
- › Tamaños de letra e tipografías máis axeitadas para as publicacións electrónicas.
- › Dinamismo na composición: introdución de imaxes e outros elementos de deseño.
- › A cor: técnicas, tipos, significado e usos.
- › Creación de documentos pdf e a súa optimización para o seu uso en internet.

OBSERVACIÓNS:

- › Vai a ser unha metodoloxía eminentemente práctica. Os coñecementos serán teórico - prácticos e as exposicións teóricas irán apoiadas por material didáctico en formato guía en papel e sempre relacionadas coas actividades prácticas ás que fundamentan.
- › É un curso pensado para o profesorado con formación TIC en Climántica.
- › A posta en práctica consistirá na dirección dun seminario formado dentro da comunidade educativa capaz de elaborar unha revista electrónica de acordo ás bases técnicas do curso e eficaz para comunicar o reto do cambio climático á comunidade educativa.
- › Só se emitirán certificacións aos docentes que presenten unha revista con avaliación positiva no marco de indicadores que contemplan os obxectivos do curso.
- › Todos os recursos do curso correrán por conta da organización.
- › A media mañá servirse un café con repostería.
- › Os gastos de desprazamento correrán por conta dos asistentes.

Curso publicado en:

fprofe

Formación de profesorado

<https://www.edu.xunta.es/fprofe>

Atópase en:

<https://www.edu.xunta.es/fprofe/procesaConsultaPublica.do>

ÁREA: Temas transversais

CFR: Servizos centrais

O programa detallado pode descargarse en:
www.climantica.org apartado "Formación".

Para máis información: climantica@climantica.org



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO